

REUNIÓN DA COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

Día: 15.02.2019 Hora: 10:30

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 15 de febreiro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 42699 (10/POC-006700)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Gil, César Manuel e 7 máis
Sobre a valoración polo Goberno galego da oferta de emprego público no ensino para 2019
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 414, do 18.01.2019
- 1.2 43066 (10/POC-006804)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre os plans da Xunta de Galicia en relación coa apertura, funcionamento e xestión do Museo do Viño, en Ribadavia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 418, do 24.01.2019
- 1.3 43250 (10/POC-006840)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas á autorización da oferta da matrícula para o curso 2019-2020 na escola unitaria de Pedroso, no Colexio Rural Agrupado de Narón, así como a asunción do compromiso da súa reapertura se hai matrícula suficiente
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 418, do 24.01.2019
- 1.4 44980 (10/POC-007202)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a situación na que se atopa a catalogación, o inventariado, a posta en valor e a difusión pola Xunta de Galicia do patrimonio cultural galego no exterior, en especial o das entidades e centros galegos asentados fóra de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 428, do 07.02.2019
- 1.5 45083 (10/POC-007229)



Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto da adopción de medidas
para a protección dos "garranos" e a posibilidade de declaralos ben de
interese natural e cultural
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 428, do 07.02.2019

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 39655 (10/PNC-003185)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre a autorización pola Xunta de Galicia da oferta das materias de Grego
I e de Xeoloxía no IES Lama das Quendas, de Chantada
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 383, do 14.11.2018
- 2.2 43500 (10/PNC-003494)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis
Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para dar
cumprimento aos compromisos de financiamento asumidos co Consorcio
para a promoción da Música, encargado da xestión directa da Orquestra
Sinfónica de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 418, do 24.01.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2019

Antonio Mouriño Villar
Presidente da Comisión





Asinado dixitalmente por:

Antonio Mouriño Villar na data 11/02/2019 12:34:29



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Antonio Mouriño Villar

P

Vicepresidenta

Teresa Egerique Mosquera

P

Secretaria

Luca Chao Pérez

EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez

S

María Encarnación Amigo Díaz

P

María Ángeles Antón Vilasánchez

P

María de la Concepción Burgo López

S

María de los Ángeles Cuña Bóveda

EM

César Manuel Fernández Gil

P

Carlos Gómez Salgado

P

María Isabel Novo Fariña

P

Olalla Rodil Fernández

BNG

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 15.02.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 15.02.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 42699(10/POC-006700)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 7 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego da oferta de emprego público no ensino para 2019

Publicación da iniciativa, 414, 18.01.2019



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2019 13:16:02
Nº Rexistro: 42699
Data envío: 08/01/2019 13:16:02.464

A Mesa do Parlamento

César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Encarna Amigo Díaz e Martín Fernández Prado, deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

O Consello da Xunta deu o visto e praxe á oferta pública de emprego no ensino galego, un total de 1043 prazas en 25 especialidades diferentes. Deste xeito o Goberno galego cumpre co seu compromiso de ter preparada a OPE para o momento en que o Goberno central fixera posible a súa aprobación, a partires da publicación no Boletín Oficial do Estado do Real Decreto-lei 6/2017, de 31 de marzo, que desbloquea a situación antes da aprobación dos Presupuestos Generales del Estado.

Cómpre lembrar que esta oferta pasou pola correspondente mesa sectorial e que a Consellería reiterou en numerosas ocasións a súa intención de mantela, pero de convocar as oposicións só cando se dera unha situación de seguridade e certeza xurídica tanto para os propios opositores como para a administración autonómica.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai o Goberno galego sobre a oferta de emprego público no ensino para 2019?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 08/01/2019 13:11:20

María Antón Vilasánchez na data 08/01/2019 13:11:28

Teresa Egerique Mosquera na data 08/01/2019 13:11:34

Carlos Gómez Salgado na data 08/01/2019 13:11:43

María Isabel Novo Fariña na data 08/01/2019 13:11:50

Antonio Mouriño Villar na data 08/01/2019 13:11:57

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSM-REXISTRO-6xFLu8EFw-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2019 13:16:02
Nº Registro: 42699
Data envío: 08/01/2019 13:16:02.464

María Encarnación Amigo Díaz na data 08/01/2019 13:12:04

Martín Fernández Prado na data 08/01/2019 13:12:07

CSV REGISTRO-6XFJueEfw-9
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 15.02.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 43066(10/POC-006804)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre os plans da Xunta de Galicia en relación coa apertura,
funcionamento e xestión do Museo do Viño, en Ribadavia

Publicación da iniciativa, 418, 24.01.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 43066
Data envío: 10/01/2019 14:00:00.318



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 4ª**, relativa ao Museo do Viño de Galicia.

No 2018 cumpríronse trinta anos desde que se propuxera a creación do Museo do Viño de Galicia, acompañada de conflitos e polémicas. Coa pretensión de ser unha infraestrutura para toda a comunidade e con presenza das cinco denominacións de orixe galegas.

Recuperada a reitoral de Santo André de Camporredondo en Ribadavia por unha escola obradoiro, o edificio foi cedido á Xunta pola Diócese de Ourense para crear o Museo e alongada a cesión outros 25 anos máis.

O Conselleiro de Cultura e Turismo, Román Rodríguez, anunciou nunha visita en agosto de 2017 que se publicara a licitación de fabricación e instalación do proxecto expositivo deste centro, por importe de 713.641,54 euros.

O 15 de xaneiro de 2018: A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicou no Diario Oficial de Galicia (DOG) a formalización do contrato de subministración, suxeita a regulación harmonizada, da fabricación e instalación do proxecto expositivo do Museo do Viño de Galicia. O investimento destinado a este fin ascendeu a 508.007,25 euros, e sumouse aos máis de 1,36 millóns de euros que destinados pola Xunta de Galicia para restaurar e

CSM-REXISTRO-INFORME-8
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





acondicionar a reitoral. Porén no proxecto do Museo do Viño de Galicia lévanse investidos case 2 M€.

É obvio que o Museo do Viño está listo para abrir e coa adxudicación privada xa realizada (privatización despois dunha enorme cantidade de recursos públicos investidos), imaxinamos que intereses alleos ao propio futuro Museo son o motivo do seu adiamento.

É preciso coñecer a causa de que estando todo listo, mesmo anunciado, agora se adía, aínda que sexa brevemente. Pero alén do oportunismo dos partidos que pretenden adxudicarse o “mérito” da apertura (sen que ninguén responda de máis de 30 anos de fracaso que provocaron o seu peche ata o 2019) e o partidismo das diferentes administracións, a realidade é que a día de hoxe aínda non se formalizou a creación do MUSEO DO VIÑO DE GALICIA como tal. Para iso é precisa a creación a través de decreto do Consello da Xunta, que ata o día de hoxe non existe.

Segundo a LEI 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. No Artigo 113. Creación e regulamentación, recolle: A creación, autorización e cualificación dun museo ou dunha colección visitable realizarase por acordo do Consello da Xunta, no cal se delimitará o seu ámbito territorial e o seu contido temático.

Asemade, a reitoral de Santo André de Camporredondo non dispón de accesos ni de aparcadoiro axeitados, un problema para o acceso de autobuses e para o estacionamento de coches.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 4ª.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 43066
Data envío: 10/01/2019 14:00:00.318



- 1.ª) Cando se fará a apertura?
- 2.ª) Ten prevista a Xunta facer algún acto de inauguración?
- 3.ª) Cando se efectuará e realizará a autorización e cualificación do Museo?
- 4.ª) Cal foi o motivo do último adiamento da apertura?
- 5.ª) Cal vai a ser o cadro de persoal técnico e de xestión?
- 6.ª) Cal vai ser o seu encadramento como Museo?
- 7.ª) Vai ser un ente propio, integrado no Museo etnolóxico de Ribadavia?
- 8.ª) Vai ser integrado no Museo Provincial?
- 9.ª) Vai depender unicamente da XUNTA de GALICIA?
- 10.ª) Está prevista algunha participación da Deputación ou do Concello?
- 11.ª) Como pensan solucionar o problema de accesos e de aparcadoiro axeitados?
Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 43066
Data envío: 10/01/2019 14:00:00.318



Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 10/01/2019 13:59:14

Luca Chao Pérez na data 10/01/2019 13:59:21

CSX4 REGISTRO-INZFBvFz48
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 15.02.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 43250(10/POC-006840)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas á autorización da oferta da matrícula para o curso 2019-2020 na escola unitaria de Pedroso, no Colexio Rural Agrupado de Narón, así como a asunción do compromiso da súa reapertura se hai matrícula suficiente

Publicación da iniciativa, 418, 24.01.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2019 11:12:28
Nº Rexistro: 43250
Data envío: 14/01/2019 11:12:28.931

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre o futuro da escola unitaria de Pedroso e as medidas que pensa adoptar a Xunta de Galiza para garantir o seu mantemento.

O CRA de Narón agrupa, actualmente, catro escolas rurais das que a Xunta de Galiza pechou unha, a de Pedroso argumentando que non contou con matrícula suficiente para o seu mantemento.

O pasado ano 2018, as familias de Pedroso solicitaron á Consellaría de Educación que permitise cursar o primeiro curso de Primaria nesta escola unitaria para garantir a súa continuidade apoiándose na realidade que existe noutros Centros Rurais Agrupados do país.

Desde o Grupo parlamentar BNG trasladamos ao Parlamento as demandas das familias cunha iniciativa na que reclamamos a implantación do primeiro curso de Primaria na escola unitaria de Pedroso para garantir o mantemento do servizo no curso 2018/2019 así como aplicar unha moratoria ao peche de centros de ensino e abrir un espazo de diálogo coa Rede galega de Educación e Desenvolvemento Rural para abordar as medidas que serán precisas adoptar co obxectivo de garantir a prestación de servizos necesarios no rural, nomeadamente educativos, e os criterios que rexan a xestión dos mesmos.

CSM-REXISTRO-5L-cabKTC8-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2019 11:12:28
Nº Registro: 43250
Data envío: 14/01/2019 11:12:28.931

Porén, o Partido Popular rexeitou as propostas.

As familias continúan a dar a batalla pola escola unitaria de Pedroso e confirman que para o curso vindeiro 2019/2020 o centro contaría con alumnado suficiente para, dentro das ratios establecidas pola Consellaría de Educación, garantir a súa reapertura.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Vai permitir a Xunta de Galiza que a escola unitaria de Pedroso poida ofertar a súa matrícula para o curso 2019-2020 no CRA de Narón?
2. Neste senso, permitirá o Goberno galego realizar a preinscrición de matrícula dentro do CRA?
3. Comprométese o Goberno galego a reabrir a escola unitaria de Pedroso en Narón se hai matrícula suficiente?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2019 11:12:28
Nº Registro: 43250
Data envío: 14/01/2019 11:12:28.931

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 14/01/2019 11:11:04

María Montserrat Prado Cores na data 14/01/2019 11:11:09

Ana Pontón Mondelo na data 14/01/2019 11:11:10

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/01/2019 11:11:12

Noa Presas Bergantiños na data 14/01/2019 11:11:13

Xosé Luis Bará Torres na data 14/01/2019 11:11:14

CSX4 REGISTRO-5Lc8bKTC8-5
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 15.02.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 44980(10/POC-007202)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a situación na que se atopa a catalogación, o inventariado, a posta en valor e a difusión pola Xunta de Galicia do patrimonio cultural galego no exterior, en especial o das entidades e centros galegos asentados fóra de Galicia

Publicación da iniciativa, 428, 07.02.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2019 17:53:31
Nº Rexistro: 44980
Data envío: 30/01/2019 17:53:31.751

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, sobre as accións que debe desenvolver a Xunta de Galiza para catalogar e inventariar o patrimonio cultural das comunidades galegas asentadas fóra de Galiza así como para o difundir e pór en valor.

A Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade establece as actuacións que debe desenvolver a Xunta de Galiza para velar pola conservación do patrimonio da colectividade galega no exterior, así como para o mantemento da memoria histórica dos galegos e das galegas na emigración. Para tal fin fixa unha serie de accións que debe levar a cabo o Goberno galego, entre elas, a catalogación e inventario do patrimonio galego no exterior, especialmente das entidades e centros galegos.

Así o lembrou no seu *Informe sobre os fondos patrimoniais e culturais do Centro Galego de Buenos Aires* o Consello da Cultura Galega:

De conformidade co previsto neste artigo [artigo 27], a Comunidade Autónoma de Galicia, en colaboración coas comunidades galegas asentadas fóra de Galicia, desenvolverá, entre outras, as seguintes actuacións en defensa e protección do patrimonio cultural galego no exterior:

1. A Comunidade Autónoma de Galicia colaborará na preservación e conservación do patrimonio cultural das comunidades galegas asentadas fóra de

CSM-REXISTRO-Hyx114E-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2019 17:53:31
Nº Rexistro: 44980
Data envío: 30/01/2019 17:53:31.751

Galicia e velará polo seu destino no caso da disolución destas. Para iso, nos casos en que a normativa o permita, aquel patrimonio cultural e, de forma especial, o documental, sonoro e inmaterial que para a súa preservación deba ser conservado en Galicia será destinado, segundo o caso, ao Arquivo da Emigración Galega e ao Arquivo Sonoro de Galicia, órganos dependentes do Consello da Cultura Galega, que velará pola súa conservación, catalogación e difusión.

2. Así mesmo a Xunta de Galicia velará pola conservación do patrimonio da colectividade galega no exterior, así como polo mantemento da memoria histórica dos galegos e das galegas emigrados, mediante, entre outras, as seguintes accións: 1) Catalogación e inventario do patrimonio galego no exterior, especialmente das entidades e centros galegos. 2) Posta en valor do legado da emigración coa declaración de patrimonio cultural de Galicia a aqueles centros e entidades centenarias. 3) Difusión e posta en valor do patrimonio material e inmaterial da emigración galega coa creación dunha rede virtual e con accións de recoñecemento.

De igual maneira artigo 4 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural, sinala que “a Xunta de Galiza promoverá a salvagarda do patrimonio cultural de Galiza que se atope no exterior, especialmente en Latinoamérica, e alí onde exista unha presenza significativa de comunidades galegas”.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

- Ten catalogado e inventariado a Xunta de Galiza o patrimonio galego no exterior, especialmente das entidades e centros galegos?
- De ser así, pensa publicalo?

CSX4 REXISTRO-11pX1146-9
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 30/01/2019 17:53:31

Nº Rexistro: 44980

Data envío: 30/01/2019 17:53:31.751

- En caso negativo, por que non o ten feito? Non se sente a Xunta de Galiza obrigada a cumprir o disposto na Lei 7/2013?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 30/01/2019 17:50:35

María Montserrat Prado Cores na data 30/01/2019 17:50:39

Ana Pontón Mondelo na data 30/01/2019 17:50:41

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/01/2019 17:50:42

CSV REXISTRO-1ypX146-9
Verificación
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2019 17:53:31
Nº Registro: 44980
Data envío: 30/01/2019 17:53:31.751

Noa Presas Bergantiños na data 30/01/2019 17:50:45

Xosé Luis Bará Torres na data 30/01/2019 17:50:47

CSV REGISTRO-1ypX146-9
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 15.02.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 45083(10/POC-007229)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto da adopción de medidas para a protección dos "garranos" e a posibilidade de declaralos ben de interese natural e cultural

Publicación da iniciativa, 428, 07.02.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2019 18:14:49
Nº Rexistro: 45083
Data envío: 31/01/2019 18:14:49.581



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.ª**.

A morte a golpes dos cabalos salvaxes de Oia reaviva o debate sobre a súa minguada raza ancestral. A brutal matanza ocorreu na Serra da Grova, territorio habitado hoxe por 750 garranos e que eran 2.000 a finais do século XX. Falamos dun équido ancestral, primitivo, que debe levar uns 20.000 anos habitando os nosos montes.

Consideramos importante atender ás demandas dos representantes do Instituto de estudos Miñoráns, con respecto á valoración, protección, estudo, divulgación e aproveitamento deste équidos para garantir a pervivencia do patrimonio senlleiro de Galiza: os garranos que viven ceibos nos montes e serras da nosa contorna do Val Miñor.

Os garranos están ameazados por varios motivos: a explotación do monte sen ter en conta os valores tradicionais, a desvalorización dos garranos ao confundir valor e prezo, a falla de recoñecemento específico e a confusión ao tratalo coma un équido doméstico nos regulamentos e leis, a perda de propietarios, a mala imaxe que se transmite nos medios de comunicación e a presión no monte de actividades industriais sen ter en conta os ecosistemas.

Os garranos son “unha subespecie de equus que temos nos montes galegos dende hai milleiros de anos e que ten deixado pegada no noso patrimonio arqueolóxico, nos gravados rupestres dos petróglifos e tamén na toponimia. Son os únicos

CSM-REXISTRO-IGSG45123-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramiles/csv/>





cabalos salvaxes que como tales quedan no mundo e forman parte do noso patrimonio natural, sendo tamén un patrimonio cultural pola súa singularidade de ser salvaxes e ter propietarios, ademais de estar ligados a unha festa de grande valor etnográfico como é a dos curros e a da rapa das bestas.

Coa finalidade de elaborar un documento no que se recollan estes temas, imprescindibles para presentar consensuadamente unha proposta legal que dea resposta ao problema da posible extinción dos garranos e das festas da rapa das bestas e dos curros no noso país, é necesario regular leis e normas nas que se recolla a singularidade deste animal, a súa protección, os seus usos tradicionais e o seu aproveitamento. Porén, compre valorar a posibilidade de propor que sexan considerados Patrimonio da Humanidade e ben de interese natural e cultural, BIC, pola súa singularidade (único cabalo salvaxe do mundo) e porque é unha especie en perigo de extinción..

Por iso é conveniente facer estudos: análises xenéticas, etoloxía, diversidade morfolóxica por áreas xeográficas; coñecer o censo actual; os seus usos e costumes como patrimonio inmaterial.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- Ten intención a Xunta de Galicia de presentar consensuadamente unha proposta legal que dea resposta ao problema da posible extinción dos garranos e das festas da rapa das bestas e dos curros no noso país?
- Considera a posibilidade de ser considerado Ben de Interese Natural e Cultural?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2019.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2019 18:14:49
Nº Rexistro: 45083
Data envío: 31/01/2019 18:14:49.581



Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 31/01/2019 18:11:12

Luca Chao Pérez na data 31/01/2019 18:11:19

CSV REGISTRO-199x6723-3
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 15.02.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 15.02.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 39655(10/PNC-003185)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a autorización pola Xunta de Galicia da oferta das materias de Grego I e de Xeoloxía no IES Lama das Quendas, de Chantada

Publicación da iniciativa, 383, 14.11.2018



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, e da súa deputada, María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

A Resolución do 11 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2018/19, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da comunidade autónoma de Galicia establece no seu artigo 21º e para as ensinanzas de bacharelato que:

1. Os centros deberán ofrecer todas as materias xerais e de opción do bloque de materias troncais das modalidades que se imparten no centro.
2. As materias troncais de opción contarán, con carácter xeral, cun mínimo de cinco alumnos/as para poder ser impartidas.
3. Con carácter xeral, a impartición das materias específicas quedará vinculada a que exista un número mínimo de dez alumnos/as.
4. Coa finalidade de atender a diversidade en ámbitos rurais, pequenos núcleos de poboación e/ou outras circunstancias que así o aconsellen, poderán impartirse cun número menor de alumnos ou alumnas que, en ningún caso, será inferior a cinco.
5. Co obxecto de ofertar unha preparación especializada ao alumnado, acorde coas súas perspectivas e intereses de formación, os centros docentes poderán elaborar itinerarios para orientar o alumnado na elección das materias de opción.
6. As variacións no número de alumnos/as necesario para ofrecer algunha materia terá sempre carácter extraordinario e precisará a autorización expresa da xefatura territorial provincial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.



7. A oferta das materias do bloque de troncais de opción e de materias específicas deberá atender os criterios de demanda do alumnado, a dispoñibilidade de profesorado no centro e as posibilidades organizativas e a dispoñibilidade de recursos.

Á súa vez, o Decreto 86/2015 establece que, no caso do primeiro curso de bacharelato o alumnado cursará dúas materias de entre as seguintes materias de opción do bloque de materias troncais, organizadas, de ser o caso, en bloques que faciliten o tránsito á educación superior, citando Economía, Grego I, Historia do Mundo Contemporáneo e Literatura Universal.

Para o caso do segundo curso, o mesmo Decreto citado establece que na modalidade de Ciencias o alumnado cursará dúas materias máis de entre as seguintes materias de opción do bloque de materias troncais: Bioloxía, Debuxo Técnico II, Física, Xeoloxía e Química e na modalidade de Humanidades e ciencias sociais, dúas materias de entre as seguintes materias de opción do bloque de materias troncais, organizadas, de ser o caso, en bloques que faciliten o tránsito á educación superior: Economía da Empresa, Xeografía, Grego II e Historia da Arte.

Tanto no caso da materia de Grego I e a súa progresión Grego II como no da Xeoloxía, vemos que se consideran como materias da coñecida como parte voluntaria, conforme ao establecido na Resolución do 27 de marzo de 2018, conxunta da Secretaría Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a realización, dentro do curso 2017/18, da avaliación de bacharelato para o acceso á Universidade (ABAU) para o curso 2018/19. Todo o exposto ata este momento sería suficiente para poñer de manifesto a incongruencia existente na normativa, que por un lado fala de establecer determinadas excepcións que pretenden garantir unha oferta suficiente no caso de centros con pouco alumnado e por outro limita esa posibilidade.

No caso do IES Lama das Quendas e do IES Val do Asma de Chantada atopámonos cunha realidade que evidencia o que este grupo parlamentario ten denunciado en moitas ocasións; a desvantaxe que teñen os alumnos que, en centros con menos alumnado, optan por materias con escasa demanda.

A este centro non lle foi autorizada a impartición das materias de Grego I, porque era demandado por tres alumnos e de Xeoloxía, porque a demandaban dous. O



verdadeiramente inverosímil do caso é que este centro conta con profesorado con destino definitivo no centro que podería impartir ambas materias e, que polo tanto, non suporía en ningún caso, incremento de docentes; e isto é así porque ese profesorado está a facer gardas nas horas que podería estar impartindo esas materias.

Ante a situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a autorizar a oferta das materias de Grego I e Xeoloxía no IES Lama das Quendas de Chantada, coa finalidade de garantir a igualdade de oportunidades entre o alumnado da comunidade autónoma de Galicia.

Pazo do Parlamento, 5 de novembro de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 17:28
Nº Rexistro: 39655
Data envío: 05/11/2018 17:28:43.630



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 17:28
Nº Rexistro: 39655
Data envío: 05/11/2018 17:28:43.630

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/11/2018 16:31:13

Maria de la Concepción Burgo López na data 05/11/2018 16:31:24

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/11/2018 16:31:39

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 15.02.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 43500(10/PNC-003494)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para dar cumprimento aos compromisos de financiamento asumidos co Consorcio para a promoción da Música, encargado da xestión directa da Orquestra Sinfónica de Galicia

Publicación da iniciativa, 418, 24.01.2019



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, Juan Manuel Díaz Villoslada, María Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

O Concello da Coruña e *Amigos da Ópera* constituíron no ano 1991 o *Consortio para a promoción da Música*, encargado da xestión directa da *Orquestra Sinfónica de Galicia* (OSG) e que ten por obxecto difundir a música mediante actuacións da dita orquestra e a realización de gravacións e transmisións por radio, televisión e outros medios de comunicación, así como a promoción de toda clase de actividades musicais, a través da colaboración con agrupacións, organismos e institucións nacionais ou estranxeiras.

O financiamento, inicialmente, das actividades da OSG procedía na súa maior parte do Concello da Coruña e, en menor contía, da Deputación da Coruña, da extinta Fundación Caixa Galicia e de Amigos da Ópera.

En decembro de 2004 a Xunta de Galicia reconece o labor do Consortio para a Promoción da Música na xestión da Orquestra Sinfónica de Galicia, que ten contribuído de forma clara á difusión da música en toda Galicia, en España e a nivel internacional, gozando a OSG dun ben gañado prestixio entre as máis renomeadas orquestras internacionais.

Estes son os termos do Convenio de colaboración suscrito o 28 de decembro de 2004 entre a Xunta de Galicia e o Concello da Coruña para o financiamento da OSG, en virtude do cal a Xunta de Galicia incorpórase ao ente consorcial.

O convenio, complementado polo asinado a continuación o 22 de xullo de 2005, establece na súa cláusula terceira que para os exercicios 2006 e seguintes as transferencias da Xunta de Galicia a favor do Consortio, ou da entidade que o substitúa, estableceranse como subvención nominativa nos orzamentos de cada exercicio, non podendo ser a contía a transferir en cada ano inferior á establecida para 2005, que foi de tres millóns de euros.

Durante as dez últimas tempadas (2008-2009 a 2017-2018) a actividade e resultados da OSG non deixaron de crecer, pasando de 1.554 aboados aos actuais 1.782, cunha asistencia que medrou das 27.230 persoas ás 42.081 da pasada tempada. Desde 2012 aumentou claramente a oferta de concertos para a





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2019 12:39:57
Nº Rexistro: 43500
Data envío: 15/01/2019 12:39:57.519

captación de novos públicos, crecendo case un 100 % o número de concertos en xira por Galicia. A proxección nacional e internacional seguiu aumentado, sendo o canal de *YouTube* da OSG un referente no sector.

O proxecto didáctico da OSG segue a crecer como valor fundamental para a promoción da música. A Orquestra xove, a Orquestra de nenos, o Programa de futuras promesas, os Nenos cantores da OSG ou o Coro xove son pezas esenciais nesta apaixonante tarefa.

A pesar do exposto, desde 2011 as achegas orzamentarias da Xunta de Galicia son moi inferiores aos compromisos que ten asumidos coa OSG en virtude dos convenios indicados. Si en 2011 a achega reduciu o compromiso de financiamento en 348.000 euros, en 2019 o reducirá en 379.148 euros, sendo os exercicios 2013 a 2016 os de maior redución de aportacións.

Así, a minoración do compromiso de financiamento por parte da Xunta de Galicia co Consorcio para a promoción da Música entre 2011 e 2019 ascende a 5.159.266 euros.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dar cumprimento aos seus compromisos de financiamento do *Consorcio para a promoción da Música*.

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



CSV: REXISTRO-NIFZRX9-B
Verificación
<https://seccia.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2019 12:39:57
Nº Registro: 43500
Data envío: 15/01/2019 12:39:57.519

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 15/01/2019 12:34:48

Maria de la Concepción Burgo López na data 15/01/2019 12:35:02

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/01/2019 12:35:15

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/01/2019 12:35:46



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es